



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Listaxe definitivo de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 1 praza de auxiliar de información (persoal funcionario) da oferta de emprego público extraordinaria 2022

ANUNCIO

Con data de 26 de novembro de 2024 ditouse o Decreto de Alcaldía número 434/2024 cuxo contido é o seguinte:

“DECRETO

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVO DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO DE **1 PRAZA DE AUXILIAR DE INFORMACIÓN** (PERSOAL FUNCIONARIO) PERTENCENTE A ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNA E CLASE AUXILIAR, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, EN TURNO LIBRE ESTABILIZACIÓN, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA 2022 (LEI 20/2021 DO 28 DE DECEMBRO)

EXPEDIENTE OPE: 2024/E002/000001

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000467

Manuel Ángel Leis Miguez, Alcalde – Presidente do Concello de Negreira

Vistas as bases xerais e específicas, publicadas no BOP nº243 do 26/12/2022, que regulan as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Negreira incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 que foron aprobadas por resolución de Alcaldía con número 299/2022, de 20 de decembro de 2022; e publicadas no BOP da Coruña núm. 243, do 26 de decembro de 2022.

Vista a convocatoria publicada no BOE nº 99, de 23/04/2024.

En dita Oferta de Emprego Público, incluíuse unha praza denominada “AUXILIAR DE INFORMACIÓN”. Dita praza, tal e como se acordou na Mesa de Negociación Sindical celebrada

con data do 15/12/2022, vén a substituír a praza de “ALGUACIL – PORTEIRO”, creada no ano 1983 e que si cumpría requisitos para incardinarse na OEP extraordinaria de estabilización.

Así, esta nova nomenclatura obedece a que, no momento no que xurdiu a necesidade de cubrir a praza por incorrer a titular en situación de incapacidade temporal, coa aprobación das correspondentes bases e presentación de oferta ante o Servizo Público de Emprego, en dita oferta

empregouse a nomenclatura do Código Nacional de Ocupacións “AUXILIAR DE INFORMACIÓN”, xa que o nome de “alguacil-porteiro” deixou de empregarse na actualidade.

Con todo, en aquelas bases aprobadas e remitidas para a cobertura da praza agora denominada “AUXILIAR DE INFORMACIÓN”, plásmanse tódalas funcións da praza da que procede, “ALGUACIL-PORTEIRO”, a saber:

- Atención do teléfono.
- Custodia da correspondencia tanto dirixida ó Concello como a que este remite antes da entrega ós departamentos correspondentes.
- Recollida no Servizo de correos, a correspondencia dirixida ó Concello.
- Entrega no servizo de correos da correspondencia que o Concello remite.
- Custodia da documentación levada a recollida nas entidades bancarias.
- Custodia e recollida de firma da documentación a firmar polo Alcalde.
- Transporte de documentación ás entidades bancarias.
- Realizar as notificacións de actos e acordos do Concello.
- Tramitación relativa, no que se refire á competencia municipal do DNI.
- Apoio ós distintos departamentos.

- Realización de fotocopias.
- Atención ao público.
- Abrir e pechas as dependencias do Concello.
- ReciclaXe e formación no ámbito da súa actividade.
- Outras funcións que lle poidan ser encomendadas dentro do marco do seu posto de traballo.

Isto implica, que tódolos/as aspirantes que certifiquen servizos prestados en ocupacións similares á praza de alguacil – porteiro, como pode ser; conserxe, conserxe de edificios, empregados de información ó usuario, recepcionistas de edificios públicos (excepto establecementos de carácter hostaleiro) e análogas, serán puntuados sempre e cando se trate do mesmo servizo prestado no corpo, escala, categoría ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal, cambiando unicamente a nomenclatura.

Rematado o prazo de presentación de alegacións, e tendo en conta o establecido na base oitava das bases que regulan o presente proceso selectivo, así como de acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e demais normativa concordante e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 1 praza de Auxiliar de Información, funcionario/a, mediante o sistema de concurso e a xornada completa:

| Nome e Apelidos | DNI | ESTADO | CELGA 2 |
|---------------------------------|----------|----------|---------|
| SILVIA CASTRO TORREIRA | ****752R | EXCLUÍDA | SI |
| MICAROL ESTILITA REYES MARTÍNEZ | ****971K | ADMITIDA | NON |
| JUAN DIEGO RODRÍGUEZ ROGIDO | ****648B | ADMITIDO | SI |
| CRISTINA FERNÁNDEZ AMEJEIRAS | ****892L | ADMITIDA | SI |
| JESÚS GARCÍA SUÁREZ | ****592E | ADMITIDO | SI |
| SILVIA FAJÍN PÉREZ | ****731V | ADMITIDA | SI |
| NOELIA TAIBO SANTIAGO | ****129A | EXCLUÍDA | SI |
| ANA MARÍA PÉREZ VILAS | ****798L | EXCLUÍDA | NON |
| ESTHER MONTSERRAT PENA NEO | ****417H | EXCLUÍDA | SI |
| LORENA FERREIRO SUÁREZ | ****479A | ADMITIDA | SI |
| RAMONA LAMPÓN LAMPÓN | ****245D | ADMITIDA | SI |
| MARÍA ROSARIO DURO LEIS | ****630E | ADMITIDA | SI |

Segundo.- Publicar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse, así mesmo, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web municipal do Concello de Negreira.

Terceiro.- Nomear ao Tribunal de Selección do referido proceso:

| Tribunal de Selección | Titular | Suplente |
|-----------------------|--|---|
| PRESIDENTE | Juan Francisco González Framil, funcionario do subgrupo A1 1. (Deputación Provincial da Coruña) | Magdalena Verán Pais, funcionaria grupo C1, oficial 2ª de recaudación (Deputación Provincial da Coruña) |
| SECRETARIA | Miriam Naveira Dono (Secretaría Concello de Negreira) | Francisco Javier Portela Amor. (Interventor Concello de Negreira) |
| VOGAL 1 | Rogelio Calvo Vázquez (funcionario subgrupo A2, Xefe Territorial de Zona 3 Deputación Provincial da Coruña) | Manuel Suárez Bermúdez. (Arquitecto grupo A1 Concello de Oroso) |
| VOGAL 2 | Argimiro Doce Pérez (funcionario subgrupo A1 técnico de organización Deputación Provincial da Coruña) | María José Nartallo Pena (Secretaría do Concello de Trazo) |
| VOGAL 3 | Abelardo Lorenzo Lojo, funcionario do subgrupo A2 (Xefe territorial da zona 4) Deputación Provincial da Coruña | Ana Beatriz Oveja Villafaña (Secretaría do Concello de Tordoia) |

Cuarto.- Informar que o Tribunal de Selección fixou como data para a valoración de méritos deste proceso selectivo a seguinte:

Salón do plenos da casa consistorial do Concello de Negreira.

Data: 4 de Decembro de 2024.

Hora: 10,00

Negreira, na data das sinaturas electrónica.

O Alcalde.

Manuel Ángel Leis Míguez

Ante mío,

A secretaria da corporación

Miriam Naveira Dono.”

Negreira, 26 de novembro de 2024

O Alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2024/8494